

## **MEMORIA DE XESTIÓN 2019**

### **BIBLIOTECAS**

Responsable: Blanco Pardo, Isabel  
Enderezo: r/ Durán Loriga, 10, 1º  
Teléfono: 981 184 384

### **MISIÓN**

Somos un servizo público de acceso á información e promoción da lectura que responde ás necesidades do público ao que ofrecemos recursos para contribuír ao seu desenvolvemento persoal e cívico.

Traballamos para facilitar a aprendizaxe ao longo da vida, promover o uso activo do tempo libre e aportar á rede internacional o valor engadido do local.

### **FUNCÍONS**

Asegurarlles o acceso á información de xeito libre e igualitario a todos os segmentos da cidadanía; desenvolver programas formativos que lle permitan á cidadanía coñecer e utilizaren eficazmente os servizos e recursos que as bibliotecas lles ofrecen, dedicándolles especial atención ás TIC; proporcionar un espazo para o lecer, o encontro e a participación cidadá. Consolidarse como unha entidade activa, impulsora e dinamizadora de hábitos lectores na cidade.

### **ÁREAS RESULTADO CLAVE**

1. Ofrecer unha colección suficiente, diversificada, equilibrada e actualizada en todo tipo de medios e para todo tipo de público.
2. Facilitar o acceso á información e aos recursos para que todas as persoas poidan atopar o que buscan e/ou xerar novas inquiredanzas ou intereses.
3. Innovar na oferta de servizos, programas e actividades para a información, a formación e o lecer.
4. Ofrecer oportunidades á cidadanía para a adquisición e desenvolvemento de habilidades de lectura e escritura, posibilitando a socialización e reforzando os hábitos lectores.
5. Proporcionar programas, servizos, materiais e recursos adaptados a persoas ou colectivos en desventaxa fronte á lectura e escritura, promovendo a inclusión das persoas e colectivos en situación de desventaxa.
6. Traballar a prol do acceso á información, o coñecemento, as TIC, a cultura e a formación dixital.
7. Proporcionar unha oferta de servizos para a autoaprendizaxe.
8. Implicar á cidadanía na construción da memoria local. Difundir e promocionar a cultura e a realidade da Coruña a nivel local, nacional e mundial.
9. Fomentar o coñecemento e a normalización da lingua e da cultura galegas.
10. Promover o desenvolvemento de programas de Voluntariado.
11. Integrar o punto de vista de todos os axentes políticos, económicos, culturais e sociais implicados no impulso e mellora das Bibliotecas Municipais da Coruña.
12. Adecuar a estruturación, o dimensionamento e os recursos das Bibliotecas Municipais da Coruña ás necesidades e retos de futuro.
13. Impulsar o patrocinio e o mecenazgo nas Bibliotecas.

## OBXECTIVOS DO EXERCICIO

No exercicio 2019 iniciamos o desenvolvemento dun Plan estratéxico e no mes de xuño o primeiro ciclo de planificación anual de obxectivos (xuño 2019-xuño 2020) polo que ao finalizar o ano o grao de cumprimento corresponde a un período de 6 meses e non é posible facer un balance anual.

As liñas estratéxicas de actuación son as seguintes:

1. Fortalecer os recursos e o catálogo de servizos da biblioteca para satisfacer as necesidades de información, formación e lecer da cidadanía.
2. Promover a lectura e os seus valores como ferramenta de crecemento persoal e social
3. Impulsar o papel da biblioteca coma un espazo de cultura e aprendizaxe permanente.
4. Contribuír ao desenvolvemento dunha cultura identitaria con vocación universal.
5. Impulsar as bibliotecas como espazos de participación, inclusión social e desenvolvemento comunitario.
6. Adaptar, utilizando criterios de sostibilidade, instalacións e equipos ás necesidades de accesibilidade, expresión e interacción da cidadanía, así como á funcionalidade e calidade da oferta de servizos.
7. Desenvolver un modelo de xestión que sexa común, innovador, flexible e dea resposta ás necesidades dunha sociedade en constante cambio.

Ver o grao de cumprimento dos obxetivos no ANEXO Obxetivos.

## CONCLUSIÓNS<sup>1</sup>

### A OFERTA

#### Espazos

A finais de 2019, as Bibliotecas Municipais ofrecen 29 m<sup>2</sup> de superficie por cada 1.000 habitantes, o 50 % da superficie bibliotecaria pública da cidade. O resto, ata os 61 m<sup>2</sup> dispoñibles, repártense entre a Biblioteca da Deputación e a Biblioteca da Xunta/Estado. Cómpre sinalar o carácter descentralizado dos espazos bibliotecarios municipais, que se configuran como unha rede de bibliotecas distribuída xeograficamente en diferentes puntos da cidade.

Como cidade, e en canto á oferta de espazos bibliotecarios, situámonos por enriba dos 56 m<sup>2</sup>/1000 habs. que recomenda a IFLA. En canto ás Bibliotecas Municipais situadas nos barrios, agás no caso da Biblioteca Ágora (1.848 m<sup>2</sup>), non alcanzamos os 1.560 m<sup>2</sup> dos estándares da FEMP, aínda que no ano 2009 comenzouse un programa de incremento e adecuación dos espazos das bibliotecas para adaptarse ás necesidades sociais actuais, reformándose e ampliándose os espazos e equipamentos das bibliotecas Castrillón e Fórum no 2009 e 2010 respectivamente. Dende entón, debido ao parón da crise, non se modernizaron máis bibliotecas ata este ano 2018 no que se reforma a aula informática da Biblioteca Sagrada Familia e se inician as xestións para ampliar esta biblioteca en 105 m<sup>2</sup>.

---

<sup>1</sup> Os indicadores de referencia (media española) utilizados nesta memoria son os máis actualizados que se atopan dispoñibles no momento de realizar esta memoria pero hai que sinalar que están calculados con resultados e datos das bibliotecas públicas españolas correspondentes ao ano 2017. Pódense consultar en liña na páxina do Ministerio de Cultura ([Bibliotecas Públicas españolas en cifras](#))

A pesar da insuficiencia de metros cadrados nas bibliotecas máis vellas (Biblioteca Infantil, Biblioteca de Estudos Locais, Biblioteca de Monte Alto e Biblioteca Sagrada Familia), segundo os estándares profesionais e as directrices de accesibilidade dos espazos públicos, a satisfacción dos usuarios é alta, e podemos afirmar que, en termos xerais, contamos con instalacións modernas e funcionais que están moi ben valoradas polos/as usuarios/as e que nos permiten ofertar os servizos básicos con calidade. Conviría seguir a tomar decisións en torno ás bibliotecas máis vellas, tanto pola insuficiencia da superficie como polas condicións das infraestruturas. O mesmo acontece coas instalacións das oficinas de coordinación da rede, que non dispoñen nin dos metros necesarios para compartir espazo (o cadro de persoal divídese en 3 estancias diferentes en distintas plantas do edificio) nin da actualización necesaria das súas infraestruturas.

O adecuado mantemento de edificios, instalacións e equipamentos é moi importante, non só para poder prestar adecuadamente os servizos á cidadanía senón para incrementar a duración e vida útil dos mesmos. Tamén é un apoio importante para fomentar entre a cidadanía os hábitos de bo uso, coidado e respecto polos bens comúns.

O mantemento comprende tanto actuacións de carácter urxente e imprevisto (substitución de luminarias, resolución de atascos de tubaxes, reparación de peches, etc.) como outras que poden preverse e planificarse relativas a deficiencias estruturais e de funcionalidade.

Destacar neste ano 2019 as seguintes intervencións:

- ✓ Adaptación a normativa dos sistemas de climatización das bibliotecas municipais Castrillón, Monte Alto e Sagrada Familia.
- ✓ Reparación do sistema contraincendios de biblioteca municipal Monte Alto.
- ✓ Retapizado de butacas e arreglo de mobiliario nas bibliotecas Ágora e Sagrada Familia.
- ✓ Con respecto ao reacondicionamento da entrada e vestíbulo do edificio de Durán Loriga, salientar que o proxecto que foi enviado ao Servizo de Edificación do Concello está en revisión.
- ✓ Revisión do proxecto de anexión de locais para biblioteca municipal Sagrada Familia.

A Biblioteca Sagrada Familia continúa a participar no programa de Sistema de xestión da enerxía nos edificios municipais promovido pola Concellería de Medio Ambiente, elaborando informes de consumo enerxético e activando medidas para o aforro do mesmo.

### **Horarios de atención ao público**

Con 121 horas mais que no 2018, no 2019 prodúcese un incremento de 0,56 % no número de horas de atención ao público no conxunto das bibliotecas, mais cabe salientar que as bibliotecas municipais Castrillón e Monte Alto diminuíron o seu horario xa que non dispoñen do cadro de persoal suficiente para manter os días de apertura e os horarios que viñan sendo habituais<sup>2</sup>.

### **Fondos e recursos de información**

En canto á oferta de recursos informativos (libros, vídeos, revistas, CD, recursos electrónicos...), finalizamos o ano 2019 cun 3,81 % de fondos novos fronte ao 4,66% de 2018 debido a que non se contou coa partida orzamentaria habitual adquisicións da Biblioteca de Estudos Locais. Do conxunto das altas de 2019, recibíronse 1044 suxestións de compra dos

---

<sup>2</sup> Os días de apertura ao público son de luns a venres.

usuarios, das que 72 tramitáronse a través da Web, 52 a través do Opacweb. O 5,83 % das altas corresponden a adquisicións realizadas por solicitude das persoas usuarias. Da totalidade destas solicitudes, o 17,91 % ou ben eran fondos xa dispoñibles nas bibliotecas ou non se puideron atender por estaren estes títulos esgotados no mercado. Do resto susceptible de compra, o 59,04 % das peticións incorpóranse aos fondos e o 31,04 % restante foi rexeitado por corresponder a suxestións de materiais non pertinentes á colección das bibliotecas, maioritariamente a obras propias de bibliotecas especializadas que exceden o carácter divulgativo da biblioteca pública. O 9,92 % está pendente de ser adquirido para a súa incorporación.

No que respecta á colección destacar:

- A posta a disposición do público de tres novos centros de interese (colección de temática específica): *Biblioterapia* nas bibliotecas Forum Metropolitano e Castrillón, *Xénero e Feminismos* na biblioteca Ágora e *Corpomente* na biblioteca Monte Alto.
- Os recursos utilizados para a difusión:
  - As exposicións ou mostras bibliográficas: 44 neste exercicio
  - A elaboración e difusión de guías de lectura: 44 guías temáticas e 22 guías das obras de lectura dos clubs no 2019.
  - Os 8 escaparates virtuais nos que se difundiron as mostras, as guías e as novidades.
  - Os espazos expositivos *Recomendamos* das bibliotecas, o novo espazo *Erase una vez...* na sala infantil da biblioteca Forum Metropolitano e *Lectura de peto* (libros de moi pequeno formato) nas salas infantil e adultos na biblioteca Castrillón. Todos eles adicados a recomendar lecturas ás persoas usuarias
  - A publicación *Lista de reprodución*, na biblioteca Fórum, que recolle seleccións temáticas de documentos sonoros.
  - As novas seccións e publicacións da páxina Web. Este ano salienta a publicación dunha nova sección *Memoria Local* e, dentro desta, a información relativa á colección musical de Ramiro Cartelle e a de tarxetas publicitarias.
  - Os *Boletíns informativos* da biblioteca Castrillón e da biblioteca Sagrada Familia.
- O acceso ao libro electrónico e á colección dixitalizada:
  - Consulta e descarga de documentos dixitalizados, principalmente fondos bibliográficos patrimoniais, de temática variada sobre A Coruña: guías da Coruña, carteis, programas de man de concertos, obras de teatro, bandos municipais, estampas relixiosas, etc. Esta colección consta de 5.700 documentos, no ano 2019 levouse a cabo un proceso de dixitalización de 1000 carteis e de 36 cabeceras de revistas e prensa histórica de Galicia e 36 monografías da biblioteca de Estudos Locais, arquivos dixitais que formarán parte da Biblioteca dixital de Galicia, Galiciana, dispoñibles para a cidadanía ao longo de 2020.
  - Ser socio/a das bibliotecas municipais permite acceder á plataforma de préstamo de libro electrónico da Xunta *Galicia Lee*.
- O acceso ao fondo patrimonial depositado na biblioteca de Estudos Locais: libros, folletos, revistas, dossieres de prensa e materiais diversos que teñen en común informar sobre temas relacionados ca cidade: poboación, historia, resultados dunhas eleccións, información sobre personaxes ou escritores vinculados ás nosas comarcas... Esta biblioteca conserva entre os seus fondos tres interesantes coleccións

- Guías da cidade e a súa provincia. A colección abarca máis de 200 publicacións deste tipo, desde 1877, a máis antiga, ata a actualidade.
- Programas de festas da cidade, o máis antigo de 1905. A través destas publicacións pódense coñecer os gustos dos coruñeses e coruñesas das distintas épocas, a música que se escoitaba, os espectáculos de éxito, todos eles elementos imprescindibles para a reconstrución da memoria dunha localidade.
- Publicacións menores de cine, os chamados prospectos, maioritariamente da primeira metade do século XX, testemuños en papel das películas que chegaban á cidade e eran proxectadas nesa época.

Todos estes documentos atópanse nos depósitos ou vitrinas da biblioteca polo que o acceso pola parte das persoas usuarias é baixo petición no mostrador da biblioteca.

As posibilidades de acceso á información complétanse con:

- 6,97 ordenadores de acceso público á internet por cada 10.000 hab. (por enriba dos 4,64 da media española) e co servizo wifi que permiten o acceso gratuíto á internet, lectura de CD-ROM, acceso bases de datos, acceso ao catálogo etc.
- Os recursos e servizos ofertados a través de diferentes aplicacións da Web 2.0. Finalizamos 2019 con presenza en 3 redes sociais, 7 blogs e 8 escaparates virtuais e co 46,4% do cadro de persoal experimentando e utilizando estas plataformas.

No que respecta ás publicacións na web social (1.424), manteñense nos mesmo índices que o ano anterior.

Dentro do *Programa de Inclusión dixital* as bibliotecas desenvolven unha serie de accións destinadas a apoiar e capacitar ás persoas no uso dos ordenadores e na busca de información. Tomando como referencia as competencias establecidas no Marco Europeo de Competencias dixitais para a cidadanía (Digcom 2.1), establécense distintos niveis formativos e diversos contidos e formatos (cursos, obradoiros, atención individualizada) coa intención de facilitar o acceso á formación e adaptarse ás necesidades poboación e ás tendencias tecnolóxicas. No 2019 se ofertaron 495 prazas en 48 cursos de 7 temáticas diferentes e 930 horas do servizo de atención personalizada.

Na liña de achegar os recursos á cidadanía, seguen en fucionamento os 7 puntos de lectura ubicados en centros cívicos e en centros de saúde.

## **Voluntariado**

Contamos cun programa de voluntariado no que participan persoas que, de forma totalmente desinteresada, ofrecen parte do seu tempo para colaborar connosco en diferentes iniciativas de carácter formativo ou social.

No 2019 os servizos desenvolvidos por persoas voluntarias foron:

- *Préstamo no fogar* coa intención de facilitar que persoas con problemas de mobilidade poidan solicitar e recibir nas súas casas libros, discos e películas das bibliotecas.

- *Coa lingua de fóra*. Ofrece a posibilidade de practicar conversación en inglés, francés ou alemán dinamizada por unha persoa nativa. Desaparece despois do verán o de chinés.
- *En Clave de A*. Iniciación á música de calidade con alumnas/os que están a rematar no Conservatorio.
- *Inmersión lingüística*. Para o apoio ao alumnado do Agra I de procedencia extranxeira e problemas de comprensión e lectura das linguas oficiais na Comunidade.
- *Alfabetización en diferentes niveis*.
- *Alfabetización de adultos de Caritas* (dentro do programa de Alfabetización de adultos): programas pensados para persoas que tiveron unha escolaridade deficiente ou tiveron que deixala a unha idade temperá e agora desexan mellorar as súas competencias en materia de lectura, escritura, coñecementos básicos, comprensión de textos, cultura xeral, etc. En principio destinado a maiores de 55 anos e ao que asisten tamén persoas perceptoras da Risga
- *Hora de Lectura*. En colaboración co Centro de Día Boandanza e o Fogar de Sor Eusebia: encontros semanais en torno á lectura e á música.
- *Punto de lectura no Ambulatorio do Ventorrillo*. Material de difusión da biblioteca e libros infantís (que se renovan periódicamente) para a súa consulta durante o tempo de espera na sección de Pediatría.

Neste ano 2019 tivemos a colaboración de 17 persoas voluntarias.

## Recursos humanos

Aínda que no dato do número de persoas traballadoras en bibliotecas por habitante (1 T.bib./2.667,92 hab.) é superior á media española (1 T.bib./4.308 hab.) e á media galega (1 T.bib./4.819 hab.) , é necesario ter en conta as necesidades de persoal para cubrir os amplos horarios das Bibliotecas Municipais, 5 delas abren 60 ou máis horas á semana, mentres que o 77,85 % das bibliotecas españolas abren 40 ou menos e destas un 36,59% abren 20 ou menos horas (sendo estas o 36,59 % do total das bibliotecas españolas). Mentres que na maioría das bibliotecas españolas é suficiente cunha quenda de persoal, no caso das Bibliotecas Municipais da Coruña son necesarias dúas quendas para cubrir as doce horas diarias de apertura en inverno e 9 h en verán.

Por outra parte, a Sociedade da Información e o crecemento das comunidades multiculturais están a xerar na cidadanía necesidades de información e formación novas e cada vez máis complexas. Desde as Bibliotecas Municipais, estas novas demandas viñéronse afrontando coa creación de novos e diversos servizos que requiren unha maior participación de persoal, fundamentalmente técnico.

Nas Bibliotecas Municipais cremos na importancia do traballo colaborativo como medio para alcanzar resultados de maior calidade. Por iso, optamos pola creación de grupos de traballo de diversas temáticas que axuden a incidir en áreas de interese para todas as persoas usuarias e para as propias bibliotecas. Participan nos grupos tanto o persoal técnico como o auxiliar. Ao finalizar 2019 contabamos cos seguintes grupos de traballo:

- Grupo 2.0.
- Grupo de colección e proceso técnico.
- Grupo de desenvolvemento de funcionalidades en Microstrategy.
- Grupo Fancómic.
- Inclusión dixital.
- Grupo Biblioteca Verde.

- Grupos relacionados co seguimento e planificación de actividades.
- Grupos vinculados ao desenvolvemento de obxectivos.

No relativo á formación do persoal, no mes de maio ten lugar o II Taller de planificación aplicada que ten como obxectivo proporcionar as competencias necesarias para formalizar, implementar e avaliar a planificación estratéxica da rede de bibliotecas.

## Actividades

Globalmente, e con 10,85 act./1000 hab., a oferta decrece un 1,75% con respecto a 2018. Destas o 63,97 % foron actividades relacionadas coa formación e a aprendizaxe e o 25,47 % de promoción da lectura.

Por non disponer de persoal suficiente a biblioteca Castrillón tivo que suprimir da súa programación as visitas aos centros de Secundarias e o club de lectura de clásicos.

Como novidades en 2019, temos as seguintes actividades e programas:

- Novo club de lectura: "O cuarto propio" na biblioteca Ágora.
- Exposición "A Saia Raíña: Mujeres enlutadas en el siglo XXI" do 28 de febreiro ao 17 de abril, está organizada polo Concello da Coruña a través do Servizo Municipal de Bibliotecas en colaboración co Centro UNED da Coruña. Visitas guiadas e conferencias.
- Colaboración coa ONG Ecos do Sur para a realización nas aulas da biblioteca dos seus cursos de alfabetización en español para inmigrantes.
- "A Eira" (laboratorio cidadá), proxecto de innovación bibliotecaria e participación social no barrio que está baseado en desenvolver unha proposta de valor para diversos públicos, orientado ás persoas e desde as persoas.

## RESULTADO DO RENDEMENTO DOS SERVIZOS

Dentro dos servizos dos que recollemos datos detallados, o servizo de préstamo, cun 13,89 % de visitas que o utilizan, continúa liderando a nosa oferta e a nosa demanda aínda que o número de usos de préstamo decrece nun 1,62 % con respecto a 2018.

Esta tendencia cara ao descenso no uso deste servizo é común no conxunto das bibliotecas. Hai que ter en conta que arrastramos dende 2011 unha perda acumulada nos orzamentos destinados á compra de fondos de un 17% e a colección leva anos sen ser actualizada adecuadamente. Por outra parte tamén podería estar afectando aos resultados o feito de ofertar en préstamo libros electrónicos que ao seren este servizo proporcionado por unha plataforma que xestiona o Servizo de Bibliotecas da Xunta de Galicia, non dispoñemos de datos que nos poidan proporcionar información de utilidade para valorar se se está a producir, entre os nosos usuarios e usuarias, un desplazamento dende a lectura en formato impreso ata a lectura dixital.

O que máis se presta son os libros (74,84% do préstamo total) e, co 25,16%, ségueno o resto de materiais (revistas, CD, DVD...).



Con 1,25 préstamos por habitante superamos os 1,01 da media española e da galega (0,82).

Cun 5,58 % de visitas que utilizan este servizo, o acceso á internet e aos programas ofimáticos (con equipos das bibliotecas) é o segundo máis utilizado. O número de usos deste servizo, no conxunto das bibliotecas, decrece nun 22,85 % con respecto a 2018. Isto ben podería explicarse pola tendencia ao incremento no uso do servizo Wifi da rede municipal que fan os usuarios cos seus equipos pero do que carecemos de datos de uso para seren analizados. A extensión no uso de dispositivos móbiles entre a poboación pode ser outro dos factores que están a influir nestes datos de uso dos equipos das bibliotecas.

Continuando a análise por intensidade de uso, en terceiro lugar encontrámonos con que a participación nas diversas actividades é outro dos atractivos das bibliotecas (4,58 % das visitas). O número de persoas que participan en actividades decende nun 8,01 % con respecto ao ano 2018. O 41,48% das persoas que acoden, fano a actividades de promoción da lectura e o 49,96 % a actividades formativas.

O uso do resto dos equipamentos decrece nun 10,11% con respecto a 2018, e a porcentaxe de visitas que fan uso destes equipamentos no ano 2019 e dun 0,54%. O 62,29% dos usos concéntranse nas videoconsolas, o 32,58 % no uso de equipos de visionado e o 3,3 % no uso do servizo de reprodución a través do escáner. No 2019 hai un maior uso das videoconsolas, probablemente debido á modernización dos equipos, e do servizo de visionado.

O resto das visitas -que representan o 75,4%- utilizan os espazos da biblioteca para ler prensa, buscar información en formato impreso, utilizar o servizo wifi e estudar.

En 2019, as bibliotecas reciben 304,24 visitas cada hora, fronte ás 321,10 de 2018. Con 3,31 visitas por cada habitante, seguimos encontrándonos por enriba das 2,26 da media española.

Na actualidade, un 41,55 % da cidadanía da Coruña é socia das Bibliotecas Municipais (media española 36,04 %) e as nosas bibliotecas continúan con capacidade para captar novas persoas socias: 20,09 socios por cada 1.000 habitantes, por riba da media española (19). Os novos socios de 2019 representan o 5,08 % do total de socios inscritos ao finalizar 2019.

En relación ao uso da colección patrimonial da biblioteca de Estudos Locais, no ano 2019 foron realizadas un total de 868 consultas por 240 persoas usuarias.

No ámbito virtual, os/as seguidores/as das Bibliotecas nas redes sociais seguen a incrementarse, cun 2% máis de fans en Facebook e Twitter (26.870). As visitas a Facebook (1.339.846) manteñense no valores do ano anterior (1.335.747 en 2018) pero decrece nun 34% o número de fans novos por día. O número de visitas aos blogs propios das bibliotecas incrementase nun 8 % (178.825 visitas no 2019) e as visitas realizadas a web propia (con 349.714 no ano 2019) decrece nun 18%. Ademais de consultar información sobre actividades e noticias das bibliotecas e do ámbito da cultura, os usuarios reciben recomendacións sobre libros, cinema ou música e participan cos seus comentarios e achegas (362 en 2019 a través dos blogs) na creación dunha comunidade virtual de intereses comúns que só en Facebook rexistrou un total de 42.995 interaccións (frente a 43.260 en 2018). Cómpre destacar que, a través do chat de Facebook os usuarios virtuais poden ser atendidos en tempo real e satisfaceren así as súas demandas de información. Ao termo do ano, atendéranse un total de 93 consultas a través desta vía e 348 a través do formulario de contacto da Web.

En relación ao uso das plataformas virtuais podemos concluir que:



- Os usuarios habituais de Facebook seguen a facer uso da rede pero a capacidade para captar novos seguidores vai diminuindo paulatinamente.

## **MÁIS DESTACADO NO ÁMBITO DA PLANIFICACIÓN E DA XESTIÓN DOS PROCESOS INTERNOS DE TRABALLO**

No exercicio 2019 finalizamos a definición do Plan estratéxico das Bibliotecas Municipais da Coruña 2019-2025, concretamos a planificación anual (xuño 2019-xuño 2020) e implantamos o sistema de seguimento e control dos plans anuais.

En relación aos procedementos administrativos:

- Adoptáronse una serie de medidas instrumentais para mellorar a actividade contractual, dictouse a *Instrución 2/2019, sobre a actividade contractual do Concello* que modifica parcialmente a *Instrución 1/2018 do Concello da Coruña relativa aos contratos menores ante a nova Lei 9/2017*.
- Coa implantación do xestor de expedientes, OpenCertiac, cada vez incorpóranse máis trámites na xestión telemática.

Continuamos en 2019 co desenvolvemento do novo Sistema de Xestión e realizamos unha reformulación máis práctica: redeseñamos o mapa de procesos e pasamos dos 22 aos 18 procesos na versión actual; simplificamos a xestión dos mesmos, suprimindo as fichas de proceso e de procedemento, e decidimos documentalos únicamente a través de instrucións de traballo, sendo implantadas neste exercicio, 8.

Ao longo do ano traballamos no desenvolvemento de novas funcionalidades na aplicación para a xestión de actividades e inscricións. A nova versión implantada introduce melloras na usabilidade da inscrición, na introducción de datos e na interrogación e visualización dos resultados, na amigabilidade das axudas e no propio deseño da plataforma.

## **RECOMENDACIÓNS E PERSPECTIVAS DE FUTURO**

Coa crise e co decaemento tanto do orzamento como do cadro de persoal, as bibliotecas están a sufrir unha redución do número de usuarios e dos usos que a cidadanía fai dos servizos. As causas son tanto externas como internas. Destacamos as principais:

- As BMC están a sufrir o mesmo comportamento dos usuarios que noutras bibliotecas: hai unha demanda menor da oferta tradicional (préstamo, consulta en sala,..) pero cada vez é maior a demanda de servizos feitos "ad hoc" a cada comunidade, sobre todo educativos. Este tipo de servizos, requiren máis esforzo e preparación por parte do persoal bibliotecario malia repercusión en número de usuarios/as non é tan grande porque se trata de servizos casi personalizados.
- Os recursos vituais e tecnolóxicos das BMC non están actualizados, tanto no que se refire ao equipamento e ferramentas para traballo interno como os destinados á prestación de servizos á cidadanía.
- As BMC adoecen dunha estrutura organizativa forte que sosteña no tempo os servizos creados.

- Os horarios de prestación do servizo son tan amplos que requiren moito cadro de persoal. Hai unha desproporción entre as horas de atención ao público e as horas de traballo interno (planificación, coordinación, avaliación,...).
- A formación do persoal leva anos estancada, para unha profesión que se ve moi afectada polos cambios da Sociedade do Coñecemento e o desenvolvemento das TIC. E tamén co mandato de xestionar un servizo bibliotecario público cunha clara responsabilidade na inclusión de todas as persoas e colectivos en risco de exclusión e afectados pola brecha dixital.
- As bibliotecas máis antigas (Durán Loriga, Monte Alto) requiren ampliación e modernización porque non cumpren os estándares mínimos no relativo á superficie e aos requisitos de equipamento das bibliotecas modernas.

Ante estas debilidades habería que abordar unha serie de actuacións:

- Unificación dos modelos de xestión e aprobación dun organigrama que reflecta a realidade actual dunha organización grande e complexa que ten que evolucionar de acordo ás tendencias sociais.
- Adecuación dos horarios de atención ao público conforme ao recollido no estudo xa realizado e ás posibilidades e recomendacións para un Concello de tamaño medio, entre 200.000-400.000 habitantes.
- Actualización do modelo tecnolóxico: equipos e aplicacións. Tanto para as persoas traballadoras como para a prestación de servizos á cidadanía. Para o traballo e servizos presenciais como para o ámbito virtual.
- Realización dunha diagnose de necesidades formativas. Deseño e implantación dun plan de formación baseado en competencias.
- Realización dun Plan de equipamentos que contemple o traslado das Bibliotecas de Durán Loriga e de Monte Alto a edificios que permitan a súa ampliación e modernización, e acondicionamento das instalacións das oficinas de coordinación da rede.